

A D.O. Ribeira Sacra regresa á London Wine Fair

A D.O. Ribeira Sacra acode por segunda vez á London Wine Fair, despois de estrearse na feira anglosaxoa en 2019. Do 7 ao 9 de xuño ten lugar esta cita que reúne a máis de 14.000 viños de 32 países e conta coa asistencia de importadores e distribuidores de todo o mundo. En febreiro de 2020, a D.O. tamén acudía a Londres con Decanter a través dunha acción promocional de IGAPE.

Esta London Wine Fair será a segunda acción de promoción conxunta levada a cabo pola Asociación de Consellos Reguladores do Viño de Galicia e das I.I.XX. Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (**ACRUAGA**).

Acudir á feira de Londres contribúe a consolidar as vendas das adegas da Denominación que xa exportan ao mercado anglosaxón e abre a oportunidade a outras adegas. Con esta cita, a D.O. Ribeira Sacra pecha a participación nas feiras internacionais por este ano, despois de levar o sabor dunha paisaxe a Vinexpo, Prowein ou Fenavin.

Acoden á London Wine Fair as seguintes adegas:

1. Adegas Cachín S.C.
2. Adegas Saiñas S.L.
3. Adegas e Viñedos Vía Romana S.L.
4. Adegas Salvadur S.L.
5. Alvarín Losada, M^a Gloria
6. Bodega Soutelo S.L.
7. Bodegas Rectoral de Amandi S.A.U.
8. Don Bernardino S.L.
9. Finca Millara Bodegas y Viñedos S.L.
10. Grupo Peago S.L.
11. Marcelino Tierras y Vinos S.L.
12. Marcos Fernández, Ramón
13. Moure Fernández Rubén
14. Regina Viarum S.L.
15. Rodríguez López, Víctor Manuel
16. Ronsel do Sil S.L.